

# María Caba, unha “comodín” da Atlética Arousana

Esta “todoterreno” igual fai de Delegada que xoga de porteira

Por Carolina e Luísa (C.S de Secretariado)

**Nome:**

María Caba.

**Lugar e data de nacemento.**

Nacín en Vilagarcía o 15 de novembro de 1978.

**¿Que estudias?**

Estudio un ciclo superior de secretariado.

**¿Gústache?**

Non moito, pero xa que o empecei intentarei rematalo.

**¿Que música che gusta?**

Todo tipo de música, pero sobre todo, a música latina.

**Algún cantante.**

Manu Tenorio.

**¿Gústache ve-la televisión?**

Si, moito. Sempre que podo intento ver un pouco.

Gústanme, sobre todo, as películas.

**¿Gústache o cine?**

Si, pero é moi caro. Aínda así vou cando podo.

**Actor e actriz favoritos.**



George Clooney e Sandra Bullock.

**¿Que hobbies tes?**

Gústame moito o deporte, sobre todo, o fútbol.

---

**“Cando xogabamos na Lomba, viña máis xente ó partido”**

**“Son do Real Madrid, e gústanme Figo e Morientes”**

---

## “Levo dous anos adestrando co equipo”

### ¿Xogas nalgún equipo? ¿Cal?

Non xogo, pero adestro na Atlética Arousana.

### ¿Como entraches no equipo?

Todas as miñas amigas adestraban e eu ía mirar como o facían, un día díxome o “mister”: “xa que estás aí mirando tódolos días, ¿non che gustaría adestrar con nós?” E dende entón xa van dous anos.

nacional. Xogamos na parte norte de España: Asturias, Cantabria, Castela León e Galicia.

### ¿Van moitos afeccionados ó campo?

Van os de sempre. Pais, nais, avoas, e algunha amiga que outra. Viña máis xente cando xogabamos na Lomba, porque era máis cómodo desprazarse ata alí que ata



### ¿Só adestras ou fas algunha labor máis?

Adestro e fago as funcións de delegada.

### ¿Gústache?

Non está mal, viaxamos moito, e as veces a viaxe é pesada, pero ben, está bastante ben.

### ¿Que tal te levas co adestrador?

### ¿E cas xogadoras?

Moi ben. Lévome ben con todo o mundo. Con algunhas mellor que con outras, pero no fondo, entendémonos ben.

### Liga na que estades.

Levamos dous anos en liga

Fontecarmoa.

### Algún campionato ó que foras.

Fun a San Sebastián a xogar á Donosti Cup. Quedamos de cuartas. Nese campionato, xoguei de lateral dereito. Tamén fun ó torneo de Oviedo. Quedamos de primeiras. Tiven que xogar de porteira, porque non levamos. Déronnos os trofeos á mellor xogadora e equipo menos goleado (non encaixamos ningún gol).

### ¿De que equipo es? ¿Que xogador che gusta?

Do Real Madrid. Gústanne Figo e Morientes